

REGULAMENTO DE SÍMBOLOS, HONRAS E PROTOCOLO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Aprobado no Consello de Goberno de 22 de xullo de 2005 e reformado no de 30 de outubro de 2008)

Este regulamento institúe as precedencias, as honras, os símbolos e o cerimonial da Universidade da Coruña nun texto único. Tívoise presente a normativa vixente en materia de precedencias, honras e cerimonial nas institucións públicas, nomeadamente o Real decreto 2099/1983, de 4 de agosto, por que se aproba o Regulamento xeral de precedencias do Estado, texto básico de aplicación aos actos oficiais organizados por todas as administracións públicas, e normativas de carácter histórico como os Reais decretos de 6 de marzo e 2 de outubro de 1850, sobre o traxe e as insignias académicas; a Lei de instrución pública, do 9 de setembro de 1857; o Real decreto do 22 de maio de 1959, por que se aprobou o Regulamento das universidades; e o Real decreto do 10 de xaneiro de 1931, relativo a solemnidades das universidades e actos de estilo.

Como universidade, e como universidade galega en concreto, continuamos naturalmente usos tradicionais compartidos. Desde a perspectiva da identidade corporativa, a Universidade da Coruña preséntase como unha institución xove, moderna e innovadora que fai valor destes trazos da nosa identidade, en liña cos sectores máis dinámicos da sociedade galega actual e fronte aos retos da competencia nun mundo globalizado.

TÍTULO I DAS PRECEDENCIAS

Artigo 1. Réxime e alcance da organización de precedencias nos actos académicos

1. O réxime de precedencias previsto neste título será de aplicación para os efectos protocolarios na organización de actos académicos por todos os órganos da Universidade da Coruña, entendidos como actos oficiais de carácter especial conforme ao establecido no artigo 3, letra b), do Real decreto 2099/1983, de 4 de agosto.

2. O alcance das súas normas queda limitado ao devandito ámbito, sen que a súa determinación confira por si honra ou xerarquía, nin implique, fóra del, modificación do propio rango, competencia ou funcións recoñecidas ou atribuídas pola lei.

Artigo 2. Definición de acto académico e responsabilidade da súa organización

1. Para os efectos de aplicación deste regulamento defínese como acto académico aquel que for promovido e organizado de xeito oficial por calquera órgano de goberno da Universidade da Coruña, aínda que se celebre en instalacións ou dependencias externas á Universidade. Os titulares dos órganos unipersoais de goberno da Universidade da Coruña procurarán a celebración de todos os actos académicos en instalacións propias da Universidade da Coruña.

2. A organización protocolaria dos actos académicos promovidos polo órganos colexiados e unipersoais de goberno da Universidade da Coruña, ou daqueles que foren presididos polo/a reitor/a ou polos membros do seu equipo de dirección, corresponde á Secretaría Xeral, que ademais prestará asesoramento cando así se lle requirir para a organización protocolaria dos restantes actos académicos.

Artigo 3. Presidencia dos actos académicos

1. O/A reitor/a asumirá a presidencia daqueles actos académicos a que asista, con independencia do lugar en que se celebraren. Cando acuda na súa representación un membro do equipo de dirección, será este quen presida o acto.

2. Os restantes actos académicos serán presididos pola autoridade académica que os organizar, salvo que por causa xustificada decida ceder a presidencia a algún dos participantes no acto en quen concorreren circunstancias acreedoras desta honra.

Artigo 4. Organización da mesa presidencial dos actos académicos

1. Salvo excepción xustificada por razóns de organización, a mesa presidencial dos actos académicos terá un número impar de compoñentes, ocupando o seu centro a presidencia e situando o resto de ocupantes sucesivamente a dereita e esquerda do presidente de acordo coa súa correspondente precedencia.

2. Cando a mesa presidencial estiver composta simultaneamente por membros da comunidade universitaria e por persoas alleas á universidade, poderá organizarse unha presidencia intercalada dobre, isto é, formando dúas liñas distintas de precedencia a esquerda e dereita da presidencia, ocupando unha delas as persoas participantes alleas á comunidade universitaria e a outra os membros da comunidade universitaria.

Artigo 5. Precedencias dos representantes de autoridades e universidades

1. A persoa que representar no seu cargo a unha autoridade superior á do seu propio rango non gozará da precedencia recoñecida á autoridade que representa e ocupará o lugar que lle corresponda polo seu propio rango, salvo que ostente expresamente a representación da Súa Maxestade o Rei ou do Presidente do Goberno.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as persoas que asistiren aos actos da Universidade da Coruña en representación doutras universidades poderán ostentar a xuízo da persoa organizadora a precedencia que se recoñece aos cargos académicos equivalentes da Universidade da Coruña, integrándose no lugar reservado á comunidade universitaria no público do lugar de celebración do acto.

Artigo 6. Precedencia entre cargos académicos

1. Establécese a seguinte precedencia entre cargos académicos:

- a. Reitor/a
- b. Restantes membros do equipo de dirección.
- c. Cargos académicos con rango asimilado ao de vicerreitor/a.
- d. Decano/a ou director/a de centro e cargos asimilados.
- e. Director/a de departamento e cargos asimilados.
- f. Director/a de instituto universitario de investigación e cargos asimilados.
- g. Vicedecano/a, subdirector/a e secretario/a de centro e cargos asimilados.
- h. Secretario de departamento e cargos asimilados.

2. Os cargos académicos que ostentaren igual nivel de precedencia conforme ao disposto no apartado anterior prelaciónense entre si de acordo coa súa categoría e antigüidade nesta, entendéndose que o profesorado doutor con vinculación permanente ostenta precedencia sobre o restante. Non obstante, o/a reitor/a poderá adoptar criterios diferentes de prelación no relativo á súa suplencia por un/unha vicerreitor/a, ou á suplencia dos vicerreitores entre si, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade da Coruña. Para os efectos previstos por este artigo así como para os demais de aplicación, os acordos de creación de cargos académicos sinalarán o seu rango ou a súa asimilación a un rango.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 3 deste Regulamento, o/a Presidente do Consello Social, en tanto que máximo/a representante do órgano de participación da sociedade na universidade, ocupará un lugar preeminente e de honra nos actos académicos organizados pola Universidade da Coruña.

Artigo 7. Precedencia entre as persoas asistentes aos actos académicos que non pertencen á comunidade universitaria

1. A prelación entre autoridades e personalidades que participen nos actos de carácter especial organizados pola Universidade da Coruña se fixa conforme ao disposto na normativa estatal e autonómica, así como nas restantes disposicións de aplicación, recolléndose no Anexo I.

2. Cando por razóns de organización resultar excepcionalmente preciso articular unha precedencia colexiada, rexerá o artigo 16 do Real Decreto 2099/1983, coa excepción de que o Claustro Universitario, na súa condición de autoridade organizadora do acto, ostentará a maior precedencia.

3. A asistencia oficial aos actos académicos de autoridades non recollidas nas prelacións que recolle este Regulamento será atendida pola Secretaría Xeral, reservando á persoa asistente un lugar acorde co seu rango e dignidade.

TÍTULO DAS HONRAS

Artigo 8. Das medallas da Universidade da Coruña

1. O Consello de Goberno poderá conceder a Medalla da Universidade da Coruña ás persoas físicas ou xurídicas que prestasen relevantes servizos á Universidade da Coruña, ou que salientasen no campo da investigación científica ou no do ensino universitario, no cultivo das ciencias, das artes ou das letras, no desenvolvemento de actividades humanitarias ou na protección do medio e da paz.

2. O Consello de Goberno poderá conceder a Medalla de Ouro da Universidade da Coruña a quen, reunindo algunha das circunstancias estipuladas no apartado anterior, se faga ademais especialmente merecedor desta distinción polo carácter extraordinario dos servizos prestados á universidade ou por desempeñar altas responsabilidades internacionais, nacionais, autonómicas ou locais.

Artigo 9. Descrición das medallas

1. A Medalla da Universidade da Coruña está composta, no seu anverso, polo selo ou emblema da universidade cuñado en metal dourado, con fondo de esmalte púrpura pendente de vieira ou fita desta mesma cor; e no seu reverso pola indicación da súa data de concesión.

2. A Medalla de Ouro da Universidade da Coruña está composta, no seu anverso, polo emblema da universidade cuñado en ouro, pendente de vieira ou fita de cor dourada; e no seu reverso pola indicación da súa data de concesión.

Artigo 10. Procedemento para a concesión das medallas

1. Para a concesión das medallas seguirase o seguinte procedemento:

- a. O procedemento para a concesión da Medalla de Ouro iniciarase por proposta do/a reitor/a, ou da maioría absoluta dos membros do Consello de Goberno. O procedemento para a concesión da Medalla poderá iniciarse ademais, por proposta dun terzo dos centros da Universidade. Acompañarase relación de méritos ou circunstancias que concorreren na persoa ou entidade proposta.
- b. A proposta de concesión formulada conforme a calquera das iniciativas anteriores remitirase á Secretaría Xeral da Universidade, acompañada do currículo ou relación de actividades de relevo da persoa física ou xurídica nominada, someténdose a aprobación do Consello de Goberno. Evitarase dar publicidade ao currículo da persoa proposta para a concesión, quedando depositado este documento na Secretaría do órgano colexiado concernido en cada trámite do procedemento, co obxecto de poderen os seus membros acceder ao seu contido.

- c. Cando a iniciativa para a concesión da Medalla proceder dun terzo dos centros, adoptarase por acordo das súas Xuntas, após o exame do currículo ou relación de actividades de relevo da persoa física ou xurídica nominada, expresando sucintamente as razóns que amparan a concesión desta honra. Un mesmo centro só poderá apoiar unha iniciativa unha vez cada dous anos.
 - d. Para a concesión da Medalla de Ouro e da Medalla precisarase o acordo favorable de dous terzos dos membros do Consello de Goberno, en votación secreta.
 - e. A concesión da Medalla de Ouro e da Medalla notificarase mediante oficio do/a reitor/a, acompañado da certificación da Secretaría Xeral da Universidade. Deberá acompañar á medalla un diploma acreditativo da distinción outorgada.
 - f. A relación de Medallas concedidas deberá constar nun librexistro da universidade, baixo a custodia do/a secretario/a xeral, para os efectos oportunos. En calquera caso, a propiedade e o uso da Medalla presupón o dereito exclusivo da persoa a quen se outorgou.
2. A concesión e entrega das Medallas da Universidade da Coruña confire o dereito ao seu uso, en vieira sobre o traxe académico, e en fita sobre o peito nos demais casos, sendo compatible con calquera outra medalla ou condecoración que ostente o galardoado, sen prexuízo do que dispuxeren as normas de superior rango sobre o uso de condecoracións.
3. A concesión da Medalla será revogada cando medie fallo condenatorio en que se prive a persoa galardoada das súas honras e condecoracións e, así mesmo, cando a persoa distinguida con ela incorrese en conduta desleal cara á Universidade da Coruña ou nociva dos seus intereses e, neste caso, e por iniciativa de calquera órgano da comunidade universitaria, instruírase un expediente con audiencia da persoa interesada, propoñéndose a revogación ao Consello de Goberno en caso de se confirmaren os feitos, requiríndose maioría de dous terzos para a aprobación deste acordo.

Artigo 11. Do nomeamento de Doutor honoris causa

1. A Universidade da Coruña poderá nomear Doutor honoris causa a aquelas persoas físicas que destaquen no eido da investigación ou da docencia, no cultivo das artes e das letras ou ben naquelas actividades que tivesen unha repercusión notoria e importante desde o punto de vista universitario, no terreo científico, artístico, cultural, tecnolóxico e social de Galicia, e do mundo en xeral, en relación con Galicia.

2. O nomeamento de doutores honoris causa pola Universidade da Coruña seguirá os trámites procedementais que se establecen no artigo 116.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña.

Artigo 12. Do tratamento dos cargos académicos

Establécese o seguinte tratamento honorífico para os cargos académicos e representantes da Universidade da Coruña:

- a. Reitor/a: “Señor/a Reitor/a Magnífico/a”, podendo usarse as abreviaturas “Señor/a Reitor/a Magfo./a.” ou “Magfo./a. Señor/a Reitor/a” e, nos actos ditados por este, a abreviación “Reitor/a Magnífico/a”.
- b. O resto de cargos académicos e o Presidente do Consello Social recibirán o tratamento de “Señor/a”, podendo usarse a abreviatura “Sr./a.”.

TITULO III DO CEREMONIAL

Artigo 13. Regras xerais de organización de actos académicos solemnes

1. Conforme á tradición e ás disposicións normativas de aplicación, a universidade convidará as autoridades e axentes sociais a asistiren aos actos académicos solemnes, coidando situalos en lugar preferente e de honra e reservando para tal efecto os lugares precisos no público, onde existirá, así mesmo, un espazo que poderá ser ocupado por calquera cidadán/á que, sen pertencer á comunidade universitaria, desexe asistir ao acto; de igual modo, reservarase un lugar do público para acoller a comitiva académica e os membros da comunidade universitaria, todo iso sen prexuízo do disposto no artigo 4 deste Regulamento.

2. Como regra xeral, o desenvolvemento dos actos académicos solemnes terá lugar de acordo coa seguinte secuencia:

- a. Entrada da comitiva académica no correspondente salón de actos, organizada segundo recolle este Capítulo.
- b. Apertura da sesión a cargo do/a reitor/a.
- c. Desenvolvemento dos trámites propios do acto académico específico.
- d. Interpretación do himno universitario.
- e. Clausura da sesión.
- f. Abandono do salón de actos pola comitiva académica

3. Cando conforme ao previsto no Real decreto 2099/1983, do 4 de agosto, o acto académico for presidido por persoa distinta do/a reitor/a, a secuencia prevista adecuarase a esa circunstancia, alterándose oportunamente a orde de intervencións.

4. A comitiva académica estará composta do seguinte modo (en orde inversa):

- a. Reitor/a.
- b. Máximas autoridades con competencia en materia de educación do Estado ou da Comunidade Autónoma.
- c. Restantes membros do equipo de dirección.
- d. Conferenciante (na Inauguración do Curso).
- e. Ex-Reitores e cargos académicos con rango de vicerreitor de acordo coa súa orde de precedencia.
- f. Membros da comunidade universitaria en posesión da Medalla da Universidade da Coruña.
- g. Membros do equipo de dirección doutras universidades.
- h. Antigos membros do equipo de dirección da Universidade da Coruña.
- i. Directores/as das academias oficiais co grao de doutor.
- j. Decanos/as e directores/as de centro.
- k. Doutores dos diferentes centros ou das academias oficiais.
- l. Doutorando/a honoris causa (no Acto de Investidura), acompañado do padriño/madriña.

5. De acordo coa tradición universitaria, o/a secretario/a xeral acompañará o/a reitor/a na comitiva académica, situándose ao seu lado esquerdo, e ocupando o extremo esquerdo da mesa presidencial dos actos académicos solemnes salvo que, segundo o disposto no Título I deste Regulamento, lle corresponder maior prelación.

6. O/A director/a ou presidente das academias oficialmente recoñecidas na provincia da Coruña, cando ostentar o grao de doutor, terá a consideración de persoal académico para os efectos de aplicación deste Título, podendo formar parte da comitiva académica e integrándose no sector académico do público, ostentando unha precedencia inmediatamente consecutiva aos antigos membros do equipo de dirección. Os restantes membros das academias oficiais recoñecidas na provincia da Coruña que ostentaren o grao de doutor poderán integrarse de igual modo na comitiva académica no lugar correspondente aos doutores dos centros universitarios.

7. Calquera outra persoa ou autoridade non recollida nesta prelación poderá integrarse na comitiva académica, segundo o criterio da Secretaría Xeral, de acordo coa natureza do acto e a representación ou participación que neste ostentar.

Artigo 14. Praelación entre centros

Os centros prelacionaranse pola súa data de creación.

Artigo 15. Da investidura do/a reitor/a

Para alén da secuencia xeral que establece para os actos académicos solemnes o artigo 13 deste Regulamento, a investidura do/a reitor/a terá como trámites específicos os seguintes:

- a. Lectura do acordo de nomeamento por parte do/a secretario/a xeral en funcións.
- b. Investidura do/a reitor/a cos atributos propios do seu rango, segundo se describen no Título IV deste Regulamento. Estes atributos seranlle entregados polo/a reitor/a saínte, salvo cando se invista o/a reitor/a para un segundo mandato consecutivo.
- c. Toma de posesión do resto de membros do equipo de dirección que xa fosen nomeados nesa data, facéndoo en primeiro lugar o/a secretario/a xeral logo da lectura do seu nomeamento polo/a secretario/a xeral en funcións, e continuando os restantes membros do equipo de dirección de acordo coa prelación que entre eles establececese o/a reitor/a, logo da lectura do seu nomeamento polo novo/a secretario/a xeral, prestando cada un deles xuramento ou promesa e asinando no libro de tomas de posesión de cargos académicos.
- d. Discurso, se for o caso, da autoridade competente en materia de educación do Estado ou da Comunidade Autónoma asistente ao acto.
- e. Discurso de investidura do/a reitor/a.

Artigo 16. Da inauguración do curso académico

1. Anualmente celebrarase o solemne acto de inauguración do curso académico, na data que determine o/a reitor/a de acordo coa planificación da apertura do curso académico das universidades do sistema universitario de Galicia.

2. Para alén da secuencia xeral que establece para os actos académicos solemnes o artigo 13 deste Regulamento, a inauguración do curso académico terá como trámites específicos os seguintes:

- a. Lectura da Lección inaugural do curso académico, a cargo do profesor de maior categoría e antigüidade na UDC de cada centro, por orde anual sucesiva destes consonte a data da súa creación.
- b. No seu caso, entrega polo/a reitor/a das Medallas da Universidade da Coruña, após a lectura dos acordos de concesión polo/a secretario/a xeral e por chamamento deste/a, procedendo posteriormente unha das persoas galardoadas a pronunciar unhas palabras en nome de todas elas.
- c. Discurso, se for o caso, da autoridade competente en materia de educación do Estado ou da Comunidade autónoma asistente ao acto.
- d. Discurso do/a reitor/a.

Artigo 17. Da investidura de Doutor/a honoris causa

1. Para alén da secuencia xeral que establece para os actos académicos solemnes o artigo 13 deste Regulamento, a investidura de doutores honoris causa terá como trámites específicos os seguintes:

- a. Lectura polo/a secretario/a xeral do acordo por que se concede o grao de doutor/a honoris causa de quen é ou quen serán investidos na sesión.
- b. Entrada do/a doutorando/a no salón de actos, conducido polo/a seu/súa padriño/madriña, acudindo este/a a acompañalo/a desde o salón de actos por indicación do/a reitor/a.
- c. Eloxio do/a doutorando/a, pronunciado polo/a seu/súa padriño/madriña, quen concluirá a súa intervención co rogo de que se outorgue e confira ao/á apadriñado/a o supremo grao de Doutor/a honoris causa pola Universidade da Coruña.
- d. Xuramento ou promesa do/a doutorando/a.
- e. Entrega polo/a reitor/a do título de Doutor/a honoris causa.
- f. Investidura polo/a reitor/a cos atributos propios do grao, a saber:
 - a. A medalla, símbolo do corazón que se ennobrece.
 - b. O barrete, símbolo dos estudos e merecementos.
- g. Entrega polo/a padriño/madriña doutros símbolos do grao, a saber:
 - a. O libro da ciencia e a sabedoría, símbolo de respecto e consideración aos mestres e que estará representado por unha obra relativa á rama de saber en que se concede a distinción.
 - b. O anel doutoral, símbolo do privilexio de asinar e selar os ditames e consultas propios da ciencia e profesión, que estará representado por unha sortella sinxela de ouro que terá gravado como selo o emblema da Universidade da Coruña.
 - c. As luvas brancas, símbolo de pureza e distinción.
- h. Abrazo de fraternidade e acollida no Claustro de profesores, representados nas persoas do/a reitor/a e do/a padriño/madriña.
- i. Discurso do/a novo/a doutor/a.
- j. Discurso do/a reitor/a.

2. Poderá celebrarse un acto académico específico para cada investidura ou ben agrupar varias investiduras nun só acto cando as circunstancias así o requiriren. Neste caso procederase á verificación sucesiva en cada investidura dos trámites recollidos no apartado anterior.

Artigo 18. Da festividade de San Tomé de Aquino

Organizarase un solemne acto académico en conmemoración da Festividade de San Tomé de Aquino, que se celebrará o 28 de xaneiro (San Tomé) ou nas súas inmediacións e en que incluírá a investidura de novos doutores, a entrega de premios extraordinarios de licenciatura ou doutoramento, ou doutros premios e distincións.

TÍTULO IV DA IDENTIDADE CORPORATIVA E DOS SÍMBOLOS

Artigo 19. Disposicións xerais

1. De conformidade co previsto no Real Decreto de 6 de marzo de 1850, nos Decretos do 4 de agosto de 1944, na Orde do 30 de novembro de 1967 e nas restantes disposicións que os modifican e desenvolven, así como en razón do uso e costume universitarios, as cores propias das diferentes titulacións son as seguintes, entre outras:

- a. Branca, a de Belas Artes e a de Teoloxía.
- b. Encarnada granate, a de Dereito.
- c. Amarela ouro, a de Medicina.
- d. Morada, a de Farmacia.
- e. Azul celeste, a de Filosofía e Letras: Xeografía e Historia, Filoloxía e Ciencias da Educación.
- f. Azul turquí, a de Ciencias: Física, Xeoloxía, Matemáticas, Química, Bioloxía e Informática.
- g. Verde, a de Veterinaria.
- h. Verde clara, a de Ciencias da Actividade Física e Deportiva.
- i. Alaranxada, a de Ciencias Políticas, Socioloxía, Económicas e Empresariais.
- j. Gris medio, a de Enfermaría.
- k. Gris azulada, a de Ciencias da Información.
- l. Violeta, a de Psicoloxía.
- m. Marrón, a de titulacións concedidas polas escolas técnicas.

2. O Consello de Goberno, por proposta do centro concernido, poderá asignar as mesmas ou outras cores a novas titulacións universitarias non consideradas neste Regulamento, de acordo co uso xeralmente establecido noutras universidades españolas.

Artigo 20. Das normas de identidade corporativa

1. As normas que regulan os elementos de identidade corporativa da Universidade da Coruña, que son de obrigado cumprimento, aparecen descritas na guía de uso existente na web institucional.

2. Todo o material de comunicación, rotulación, impresos, representación, cartelería, publicidade, correo electrónico, usos na web e similares, debe ser uniforme e coherente coa identidade corporativa. Prohíbese calquera alteración ou fragmentación dos seus elementos, logotipo ou símbolo, na imaxe doutros órganos ou actividades, sexan da propia Universidade da Coruña ou de terceiros.

3. Para a comunicación externa e para a publicidade institucional, será a identidade corporativa da UDC, co seu logotipo “Universidade da Coruña”, a única utilizada,

salvo autorización da Vicerreitoría responsable, previo informe do Gabinete de Comunicación.

4. Os elementos da identidade corporativa teñen carácter institucional. En consecuencia, para o seu uso público ou impreso, for por membros da comunidade universitaria ou alleos, será necesaria a mesma autorización que no punto anterior.

5. Con carácter excepcional, os centros, departamentos, institutos universitarios e órganos dependentes dos servizos centrais poderán establecer imaxes propias. Deberán contar para isto coa autorización da Vicerreitoría responsable, previo informe favorable da dirección do Gabinete de Comunicación. A imaxe deberá ir acompañada da identidade institucional, que ocupará o espazo superior ou preferente, segundo o establecido na guía de identidade corporativa.

6. No caso exclusivo de usos protocolarios e cerimoniais, utilizarase o emblema orixinal da Universidade da Coruña.

Artigo 21. Da bandeira da Universidade da Coruña

1. A bandeira da Universidade da Coruña estará composta polo emblema referido no artigo 20.6, baixo o cal se situará a lenda “Universidade da Coruña”, impresa en tinta de igual cor que a do emblema, todo iso sobre fondo de igual cor que a do fondo do emblema.

2. O uso da bandeira da Universidade da Coruña será de conformidade coa Lei 39/1981, do 28 de outubro, que regula o uso da bandeira de España e o doutras bandeiras e Insignias e co acordo do Consello de Goberno da Xunta de Galicia, que regula o uso da bandeira de Galicia.

3. A bandeira da Universidade da Coruña utilizarase xunto coa bandeira de España, a bandeira de Galicia e, se for o caso, a bandeira da Unión Europea, de acordo coa seguinte orde:

- a. A bandeira de España ocupará o lugar central se o número de bandeiras for impar ou o lugar dereito (esquerdo para a persoa observadora) das dúas posicións que ocupan o centro, se o número de bandeiras for par.
- b. A bandeira de Galicia e a bandeira da Universidade da Coruña situaranse, respectivamente, a dereita e esquerda da bandeira de España (esquerda e dereita, respectivamente, para a persoa observadora).
- c. Cando se utilice a bandeira da Unión Europea, esta situarase en calquera posición tras a bandeira de España, desprazando ás restantes segundo o establecido na letra anterior.

4. En atención á natureza xurídica da universidade e ao seu ámbito competencial, nos actos académicos e nos edificios e dependencias universitarias evitarase o emprego de bandeiras propias das entidades locais.

5. As bandeiras ondearán no exterior de todos os edificios da Universidade da Coruña en que teñan a súa sede a reitoría, os centros e os institutos universitarios, situándose, ademais, xunto ao retrato da S.M. o/a Rei/Raíña, nas dependencias interiores dos devanditos edificios que ocuparen cargos académicos de rango igual ou superior a decano ou director de centro, ou que se destinaren á celebración de actos académicos e reunións de órganos colexiados.

Artigo 22. Do himno universitario

1. Establécese como himno universitario a composición coñecida como “Gaudeamus igitur”, na versión harmonizada reducida proposta polo mestre Casulleras.

2. Cando se deba executar o himno universitario interpretaranse como regra xeral as súas dúas primeiras estrofas.

3. Como regra xeral, o himno universitario será o único que se interprete nas solemnidades académicas. Non obstante, cando se deban interpretar así mesmo os himnos de Galicia e España de acordo co Real Decreto 1560/1997, do 10 de outubro, que establece as súas normas reguladoras, este executarase en primeiro lugar se os himnos se interpretaren ao inicio do acto, e en último lugar se os himnos se interpretaren á conclusión deste.

Artigo 23. Do traxe académico

1. O traxe académico utilizarano os licenciados e doutores asistentes aos actos solemnes de acordo co uso e costume universitarios.

2. Conforme á tradición e ás disposicións que regulan a súa composición, o traxe académico reúne os seguintes elementos:

- a. A toga profesional negra, baixo a que se levará traxe enteiramente negro, con camisa e gravata de lazo brancas. No caso de doutores, a toga disporá de voltas ou puños de encaixe, sobre un vivo de igual tecido e cor que a muceta, salvo no caso do/a reitor/a, cuxo vivo será de cor rosa violácea.
- b. A muceta, que será de raso da cor da titulación correspondente, sendo a do/a reitor/a de veludo negro, forrada en ambos os dous casos de seda negra, con gran cugula e abotoada por diante na mesma cor da muceta, salvo no caso das escolas técnicas superiores, que non disporá de cugula, pendendo no seu lugar unha borla alongada de cor dourada do vértice posterior da muceta.
- c. Tratándose de doutores, o barrete negro, de forma octogonal, con borla compacta que o cubra enteiramente, pendendo sobre as súas caras laterais uns flocos longos de igual altura que a devanditas caras, sendo a borla e flocos da mesma cor da muceta. As persoas que vestiren traxe académico cubriranse co barrete mentres permanezan en pé, descubríndose cando se atoparen sentados; porén, aquelas que deban

realizar intervencións prolongadas en pé quedan dispensadas de estar cubertas.

d. Tratándose de doutores, luvas de cor branca.

3. Os licenciados ou doutores que foren licenciados noutra titulación poderán levar intercalados os botóns da muceta da cor correspondente a ela, así como mesturar por partes iguais as cores correspondentes na borla compacta do barrete; e os que ostentaren o grao de doutor en titulacións diferentes poderán mesturar nos focos do barrete fíos de seda das correspondentes cores en iguais proporcións.

4. Sobre o traxe académico levarase a Medalla Profesorial ou a Medalla Doutoral, de acordo co deseño establecido no Real decreto do 6 de marzo de 1850, na Real orde do 13 de xuño de 1893 e nas disposicións que posteriormente os modifican.

5. O/a reitor/a usará a Medalla propia do seu rango en lugar da que corresponder á súa titulación, segundo define o propio Real decreto do 6 de marzo de 1850, e levará ademais o Bastón propio do seu rango.

6. Os ex-reitores poderán usar o traxe de reitor, desprovisto da Medalla e do Bastón.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Corresponde á Secretaría Xeral garantir a correcta aplicación do presente Regulamento e resolver as dúbidas que esta puiden formular. A xestión da identidade corporativa e da guía de imaxe corresponde á Vicerreitoría responsable do Gabinete de Comunicación, que asistirá nos aspectos técnicos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Permítese a utilización do antigo emblema na papelería, consumibles e impresos oficiais ata esgotárense as unidades. A respecto da sinalética nos campus, edificios e gabinetes, a súa substitución pola identidade corporativa será progresiva.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derrogado o Regulamento da Medalla da Universidade da Coruña, aprobado en Xunta de Goberno do 16 de abril de 1996. Recoñécese a vixencia do deseño das Medallas concedidas durante a súa aplicación; porén, a Universidade da Coruña poderá remitir ás persoas galardoadas novas Medallas, de acordo co deseño establecido neste Regulamento, para o seu uso no futuro, sen prexuízo de conservar as inicialmente entregadas.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta disposición entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.

ANEXO I

PRECEDENCIAS ENTRE AUTORIDADES E PERSONALIDADES NON UNIVERSITARIAS

Establécese a seguinte prelación entre autoridades e personalidades que participen nos actos de carácter especial organizados pola Universidade da Coruña:

1. Rei ou Raíña.
2. Raíña consorte ou Consorte da Raíña.
3. Príncipe ou Princesa de Asturias.
4. Infantes de España.
5. Presidente do Goberno.
6. Presidente do Congreso dos Deputados.
7. Presidente do Senado.
8. Presidente do Tribunal Constitucional.
9. Presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial.
10. Presidente da Xunta de Galicia.
11. Vicepresidente do Goberno, segundo a súa orde.
12. Ministros do Goberno, segundo a súa orde.
13. Decano do corpo diplomático e embaixadores estranxeiros acreditados en España.
14. Ex-presidente do Goberno.
15. Presidentes dos Consellos de Goberno doutras Comunidades Autónomas.
16. Presidente do Parlamento de Galicia.
17. Delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia.
18. Alcalde do municipio do lugar.
19. Xefe da Casa da Súa Maxestade o Rei.
20. Presidente do Consello de Estado.
21. Presidente do Tribunal de Contas.
22. Fiscal xeral do Estado.
23. Valedor do Pobo.
24. Secretarios de Estado, segundo a súa orde e Presidente da Xunta de Xefes de Estado Maior e Xefes de Estado Maior dos Exércitos de Terra, Mar e Aire.
25. Vicepresidentes das Mesas do Congreso dos Deputados e do Senado, segundo a súa orde.
26. Presidente do Consello Supremo de Xustiza Militar.
27. Capitán Xeneral da Rexión Militar, Capitán Xeneral e Comandante Xeneral da Zona Marítima, Xefe da Rexión ou Zona Aérea e Comandante Xeneral da Frota, segundo a súa orde.
28. Xefe do Cuarto Militar e Secretario Xeral da Casa da Súa Maxestade o Rei.
29. Membros do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma, segundo a súa orde.
30. Membros da Mesa do Parlamento de Galicia.
31. Presidente do Consello Consultivo de Galicia.

32. Presidente do Tribunal de Contas de Galicia.
33. Presidente e Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
34. Subsecretarios (de ministerios da Administración do Estado) e asimilados, segundo a súa orde.
35. Secretarios das Mesas do Congreso dos Deputados e do Senado, segundo a súa orde.
36. Encargados de Negocios Estranxeiros acreditados en España.
37. Presidente do Instituto de España.
38. Xefe de Protocolo do Estado.
39. Presidente da Deputación Provincial.
40. Delegado do Goberno en Galicia.
41. Subdelegado do Goberno.
42. Directores xerais da Administración do Estado e asimilados, segundo a súa orde.
43. Deputados e Senadores pola Provincia da Coruña.
44. Viceconselleiros da Xunta de Galicia e asimilados, segundo a súa orde.
45. Directores xerais da Xunta de Galicia e asimilados, segundo a súa orde.
46. Reitores de universidade en cuxo distrito teña lugar o acto, segundo a antigüidade da universidade.
47. Presidente da Audiencia Provincial.
48. Gobernador militar e Xefes dos Sectores Naval e Aéreo.
49. Tenentes de Alcalde do concello do lugar.
50. Comandante militar da praza, Comandante ou Axudante militar de Mariña e Autoridade aérea local.
51. Representantes consulares estranxeiros.
52. Medallas da Universidade da Coruña que non pertencen á comunidade universitaria.
53. Membros do Consello Social.
54. Director ou Presidente das Academias oficiais.
55. Deputados do Parlamento de Galicia pola Provincia da Coruña.
56. Directores Provinciais de Ministerios na Coruña.
57. Delegados de Consellerías da Xunta de Galicia na Coruña.
58. Vicepresidentes da Deputación Provincial.
59. Membros das academias oficiais.
60. Secretario Xeral da Delegación e da Subdelegación do Goberno.
61. Alcaldes da provincia.
62. Corporación municipal do lugar de celebración do acto.
63. Deputados da Deputación Provincial.
64. Membros da Audiencia Provincial.
65. Membros da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación.
66. Concelleiros municipais que non sexan Tenentes de Alcalde do Concello da Coruña, nin membros da corporación do lugar de celebración do acto.
67. Representantes de partidos políticos.
68. Representantes de patronal.
69. Representantes de sindicatos.